

**ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE CELEBRADA POLA  
CORPORACIÓN MUNICIPAL EN PLENO DESTE CONCELLO O DÍA DEZASEIS DE  
NOVEMBRO DE DOUS MIL QUINCE: - - - - -**

**PRESIDENTE:**

**D. Gonzalo Gonzalo Pita**

**CONCELLEIROS/AS:**

- D<sup>a</sup> Vanessa Rodríguez Búa**
- D. José Daniel Fernández Piñeiro**
- D. Jesús Joaquín Sueiro Méndez**
- D. David Otero Domínguez**
- D<sup>a</sup> Sandra Fernández Agraso**
- D. Maximino González Miniño**
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Coral González-Haba Pérez**
- D. Roberto Carlos Agís Balboa**
- D. Telmo Martín González**
- D. Juan Antonio Deza Otero**
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Paz Lago Martínez**
- D. Rafael Domínguez Piñeiro**
- D<sup>a</sup> María Deza Martínez**
- D. Marcos Guisasola Padín**
- D<sup>a</sup> Silvia Freire Fernández**
- D. Alfonso Rea Pérez**

**NON ASISTE:**

**D. José-Juan Vidal Vilanova (INTERVENTOR)**

**SECRETARIO :**

**D. Ángel Luís López Pita.**

=====

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Sanxenxo, sendo as trece horas do día dezaseis de novembro de dous mil quince, **baixo a Presidencia do Sr. Alcalde D. GONZALO GONZALO PITA**, reuníronse os/as Sres/as. concelleiros/as que ao marxe se relacionan co fin de celebrar a sesión extraordinaria da Corporación Municipal en Pleno deste Concello, convocada para o día de hoxe en tempo e forma. Pola Presidencia declárase aberta a sesión.-----

-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----  
-----

**1º) RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA CONVOCATORIA.** O Sr. **Alcalde** indicou que, en primeiro lugar, había que votar a ratificación da urxencia da convocatoria polas razóns xa comentadas na sesión da comisión informativa.

O Sr. **Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que ían votar a favor da urxencia, pero que para evitar estas situacións era necesario ter un regulamento orgánico acorde cos novos tempos, agardando que se proceda á súa inmediata elaboración, tal e como xa o solicitaron.

Ao non producirse mais intervencións, o Sr. **Presidente someteu a votación a ratificación da urxencia da convocatoria, sendo aprobada por unanimidade.**-----

**2º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR SERVIZOS DE DISTRIBUCIÓN DE AUGA, GAS, ELECTRICIDADE E OUTROS ABASTECEMENTOS PÚBLICOS INCLUÍDOS OS DEREITOS DE ENGANCHE DE LIÑAS E COLOCACIÓN E UTILIZACIÓN DE CONTADORES E INSTALACIÓNS ANÁLOGAS, CANDO DITOS SERVIZOS OU SUBMINISTROS SEXAN PRESTADOS POR ENTIDADES LOCAIS.** O Sr. **Secretario** dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do **16 de novembro de 2015** sobre esta proposta.

O Sr. **Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, sinalou que sería conveniente facer un só debate para este punto e os dous seguintes da orde do día, independentemente de que se votasen separadamente. O interviniente continuou dicindo que celebraba que o grupo de goberno rectificase, pero que non estaba de acordo coas formas de actuar, anulando un pleno e convocando logo outro, xa que entendía que debería haber outro tipo de comunicación entre goberno e oposición, matizando que se facía este pleno porque non quedaba outro remedio, se se quería que o acordo fose operativo para o 1 de xaneiro de 2016, circunstancia que tiña que estar prevista pola alcaldía, engadindo que por situacións como esta era moi importante aprobar os orzamentos, tal e como solicitou o seu grupo. En canto ao fondo do asunto, dixo que ían votar a favor da proposta, ao rectificar o goberno municipal como consecuencia da intervención do Partido Popular denunciando subidas nas tarifas do 26 ao 80%, sen que poidan escudarse no informe que o interventor rexistrou de entrada o día 11 de novembro, posto que se modificou o contido da proposta, independentemente da variación do IPC, solicitando unha aclaración desta cuestión.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, manifestou que este goberno ía aprobar os orzamentos, cousa que non fixo o do Partido Popular nos anos 2014 e 2015, encontrando un orzamento practicamente esgotado polo goberno anterior. O edil interviniente explicou que na vindeira sesión ordinaria do pleno poderían coñecer detalladamente os motivos polos que non se puido traer antes este asunto a pleno, xa que nestas últimas datas os funcionarios municipais do departamento de intervención tiveron que facer numerosos informes para remitir ao Ministerio de Facenda. Polo que respecta ao fondo do asunto, o concelleiro en uso da palabra aludiu a que lle parecía sorprendente que dende a oposición non coñecesen aínda a ordenanza fiscal de consumo da auga e non soubesen diferenciar os conceptos de uso industrial e comercial, posto que a hostelería lle corresponde a

tarifa industrial e non a comercial. A continuación explicou que, nun principio, se aplicaron as referencias do IPC correspondentes ao mes de xullo, tal e como practicamente se fixo en todos os anos anteriores, pero unha vez coñecido co informe de intervención a posibilidade de aplicar unha referencia do IPC máis vantaxosa para os veciños, é polo que, a efectos de aplicación da ordenanza o 1 de xaneiro, se optou por manter as tarifas anteriores coa referencia do IPC máis vantaxosa, o que non quita que nun futuro teñan intención de aplicar a nova proposta que penaliza o consumo desproporcional e aplica bonificacións en función do número de habitantes da vivenda, facendo unha derradeira alusión ao consumo mínimo de 30 m<sup>3</sup>, que se aprobou polos gobernos anteriores do Partido Popular.

O **Sr. Martín González** aludiu que nos comercios o consumo medio trimestral é de 10 m<sup>3</sup> e pagan coma se consumisen 30 m<sup>3</sup>, engadindo que o goberno municipal non se pode esconder no informe da intervención e ten que recoñecer os seus erros, posto que se o Partido Popular non denunciase as subidas o xoves, o pleno probablemente se houbera celebrado, non estando de acordo coa proposta anterior do grupo de goberno que, segundo acaba de dicir o Sr. Otero Domínguez, van a intentar aprobar cara ao futuro, preguntándose quen se beneficiaría dos incrementos, se o concello ou a concesionaria.

O **Sr. Otero Domínguez** comparou as cantidades das tarifas existentes nas ordenanzas aprobadas na época do goberno popular e as que ían na proposta anterior, que eran inferiores, lamentando que despois de 20 anos de vixencia desta ordenanza aínda non sepan que tarifas se aplican a hostelería e precisando que non van deixar que se consuma auga desproporcionadamente, polo que actuaran conforme aos criterios fixados por unha directiva europea.

O **Sr. Alcalde**, logo de afirmar que non notou ningún tipo de alarma social neste asunto, matizou que unha vez convocado o pleno, se tivo coñecemento dun informe de intervención que aludía a posibilidade de aplicar unhas referencias do IPC máis favorables para os veciños, considerando como un acto de responsabilidade do goberno o aplicarlas, dado que xa non era posible emendar as propostas ditaminadas na comisión informativa, motivo polo que decidiron supender o pleno, para evitar un maior gasto e convocar posteriormente comisión e pleno, coa inclusión das referencias do IPC para a ordenanza xa existente, cara ao 1 de xaneiro de 2016, esperando que a oposición agora tamén rectifique.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:**

**ABOADOS DOMÉSTICOS:**

Mínimo: 30 m<sup>3</sup>/trimestre..... 0,4079 euros/m<sup>3</sup>  
Excesos..... 0,4605 euros/m<sup>3</sup>

**ABOADOS COMERCIAIS:**

Mínimo: 30 m<sup>3</sup>/trimestre..... 0,4079 euros/m<sup>3</sup>  
Excesos..... 0,4605 euros/m<sup>3</sup>

**ABOADOS INDUSTRIAIS:**

Mínimo: 75 m<sup>3</sup>/trimestre..... 0,4605 euros/m<sup>3</sup>

Excesos..... 0,5913 euros/m<sup>3</sup>

**OBRAS:**

Mínimo: 120 m<sup>3</sup>/trimestre..... 0,5913 euros/m<sup>3</sup>

Excesos..... 0,7629 euros/m<sup>3</sup>

As tarifas incrementarase co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

**ALTAS DE CONTRATO**

En concepto de dereitos, ao facer o seu pagamento no momento da sinatura do contrato, establécese o prezo de 102,96 euros.

**FIANZAS**

Nos contratos de subministros para obras e baixos ou industrias de tempada é preciso depositar polo interesado unha fianza de 165,86 euros. A mesma será devolta cando se tramite a baixa e sexan abonados os recibos pendentes.

**SEGUNDO:** de conformidade coa normativa vixente **o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles** a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

**TERCEIRO:** dita exposición anunciarase no **B.O.P.** e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

**CUARTO:** de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e **entrarán en vigor o 01.01.16.**”-----

**3º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA REGULADORA DA TAXA DA REDE DE SUMIDOIROS.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 16 de novembro de 2015** sobre esta proposta.

O Sr. **Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que tamén votarían a favor deste punto e que non se produxo alarma polo denunciado polo Partido Popular, como consecuencia da rectificación inmediata do goberno municipal, precisando que se, tal e como anuncian nesta sesión, van volver coa primeira proposta, o grupo popular estará en contra das subidas. O interviniente tamén aludiu respecto ao mínimo de 30m<sup>3</sup> que, se consideran que non é correcto, agora sería o momento de rectificalo, lembrando que eles están dispostos a buscar o maior consenso posible en beneficio dos veciños.

O Sr. **Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego**, logo de dicir que ían consensuar moito mais do que fixo o anterior interviniente cando foi alcade,

sinalou que o grupo popular non propuxo nada por escrito e precisou que o servizo ten un custo e este debe ser viable en base a unhas tarifas, buscando sempre que sexan o menos gravosas posibles para os veciños.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO: aprobar a modificación das tarifas seguintes:**

As tarifas serán as seguintes:

1. Vivendas de carácter unifamiliar ..... 15,123 euros/ano
2. Os hoteis, hostais, fondas e demais establecementos de hospedaxe, por cada habitación ..... 3,798 euros/ano
3. Os cocedoiros de moluscos, depuradoras, fábricas de conservas e outras industrias que teñan grandes verteduras de augas residuais a rede de sumidoiros ..... 1.259,643 euros/ano
4. Os colexios privados por cada alumno matriculado..... 0,213 euros/ano
5. Por cada local de negocio, industria ou comercio non incluído noutros apartados ..... 18,169 euros/ano
6. Negocios relacionados coa hostalería non incluídos no segundo apartado..... 50,406 euros/ano

NOTA: Os hoteis que teñan restaurante ou cafetería aberta ao público en xeral, deberán cotizar polos apartados 2 e 6.

7. Lavado e engraxamento de vehículos, estacións de servizo e talleres mecánicos..... 120,971 euros/ano
8. Por dereitos de conexión á rede xeral de sumidoiros farase un pagamento por cada vivenda ou local dos mencionados nas tarifas dunha cota única de 102,96 euros, non variando o seu importe.

**SEGUNDO:** de conformidade coa normativa vixente **o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles** a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

**TERCEIRO:** dita exposición anunciarase no **B.O.P.** e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

**CUARTO:** de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e **entrarán en vigor o 01.01.16.**”-----

**4º) PROPOSTA DA ALCALDÍA DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA DE DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da **Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio** do 16 de novembro de 2015 sobre esta proposta.

O Sr. **Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular**, dixo que ían votar a favor da proposta e aludiu a que o Sr. Otero Domínguez actúa pensando máis no BNG que en Sanxenxo.

Ao non se producir máis intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación na que, **por unanimidade, resultou aprobada, adoptándose o seguinte acordo:**

**PRIMEIRO:** engadir un apartado 3 no artigo 7ª do texto da ordenanza:

**“3. A taxa non se pode xirar aos contribuíntes cuxas augas residuais sexan obxecto de depuración pola E.D.A.R. de Dena-Meaño, actualmente asumida pola administración hidráulica de Galicia, ente Augas de Galicia (en réxime de xestión indirecta).”**

**SEGUNDO:** aprobar a modificación das tarifas seguintes:

Facturación por metros cúbicos consumidos e cota fixa mensual

a) Aboados con contador e servizo de abastecemento de auga.

Cota fixa mensual

- Uso doméstico .....	2,946 euros/mes
- Uso comercial.....	2,946 euros/mes
- Uso industrial hostalería, obras e outros .....	5,053 euros/mes

Por consumo (por cada m<sup>3</sup> rexistrado no contador do aboado)

- Uso doméstico .....	0,188 euros/m <sup>3</sup>
- Uso comercial.....	0,188 euros/m <sup>3</sup>
- Uso industrial hostalería, obras e outros .....	0,188 euros/m <sup>3</sup>

b) Abonados sen contador ou sen servizo municipal de abastecemento de auga.

- Uso doméstico .....	16,036 euros/trim.
- Uso comercial.....	16,036 euros/trim.
- Uso industrial hostalería, obras e outros .....	45,879 euros/trim.

c) Aboados con subministro non procedente da rede municipal de abastecemento.

Aqueles aboados/industrias que para o seu proceso de produción utilicen medios propios de abastecemento de auga, exclusivamente ou conxuntamente coa auga da rede municipal e vertan á rede de sumidoiros un caudal moi superior ó consumido da rede municipal, instalarán, ó seu cargo, aparatos para a medida do caudal vertido á rede. De mutuo acordo entre a empresa e o concesionario do servizo de augas poderase realizar un aforo do caudal vertido, a efectos de facturación.

Facturarase de acordo coa seguinte tarifa:

Cota fixa mensual..... 5,053 euros/mes

Cada m<sup>3</sup> vertido (medido ou aforado) ..... 0,188 euros/m<sup>3</sup>

As tarifas indicadas incrementaranse co I.V.E. correspondente a cada exercicio.

**TERCEIRO:** de conformidade coa normativa vixente o presente acordo e o seu anexo exporase ao público no taboleiro de anuncios do Concello por un prazo mínimo de 30 días hábiles a fin de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións que consideren oportunas.

**CUARTO:** dita exposición anunciarase no B.O.P. e contará a partir do día seguinte a que teña lugar dita publicación, así como nun periódico dos de maior difusión da provincia.

**QUINTO:** de non haber reclamacións entenderase o acordo aprobado como definitivo, ata entón inicial, de forma automática, coa súa publicación no B.O.P. e entrarán en vigor o 01.01.16.”-----

**5º) DITAME DA COMISIÓN DE CONTAS, ASUNTOS ECONÓMICOS E PATRIMONIO RELATIVO AO “SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2/2015, PARA REFINANCIAMENTO DO MECANISMO DE PAGO A PROVEDORES POR IMPORTE DE 2.297.693,00 EUROS.”.** O Sr. Secretario dá conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Contas, Asuntos Económicos e Patrimonio do 10 de novembro de 2015 sobre esta proposta.

O Sr. Martín González, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, anunciou a abstención do Partido Popular, posto que este tema se refería a un préstamo que se refina a metade cunha entidade privada a un tipo do 1,55%, cando o actual é do 1,31% e, en 2015, o tipo foi 0, e por encima disto, ao entender que na actualidade consideraban mais interesante estar endebedados cun banco público que cunha entidade privada.

O Sr. Otero Domínguez, voceiro do Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego, explicou que existe un diferencial con respecto ao tipo anterior de 0,24 puntos, pero tendo en conta que non hai ningunha garantía de que cara ao futuro, ata o ano 2022, se poida manter un tipo de xuro tan baixo e, polo contrario, a tendencia é a unha subida, razón pola que se preferiu realizar esta operación, engadindo que o ano 2015 era de carencia, non que o tipo nesa anualidade fose 0.

O Sr. Martín González manifestou que, tal e como dicía o propio ministerio, o tipo do ano 2015 era 0 e, a partir de entón o 1,31, e agora se fai un novo préstamo cun tipo superior e ante unha entidade privada, reiterando que se ían abster.

O **Sr. Otero Domínguez** lembrou que se solicitaron ofertas de varias entidades privadas que foron superiores ao 1,55 e consideraba que, na actualidade, o correcto era diversificar os riscos, xa que esta operación só afectaba a metade do préstamo e se garantizaba este tipo de xuro ata o final, coa posibilidade de que, se se produce unha baixada, proceder a unha cancelación anticipada.

O **Sr. Alcalde** explicou que se trataba de escoller entre dúas opcións, un tipo inferior a xuro variable ou un tipo lixeramente superior a xuro fixo, entendendo que na situación actual o mellor era ir a operación que permitise maior estabilidade, sen correr riscos, e por iso elixiron o tipo do 1,55, considerando que eso era o mais beneficioso para o concello, tal e como se faría por calquera familia.

Ao non se producir mais intervencións, o **Sr. Presidente** someteu a proposta a votación, alcanzándose o seguinte resultado:

**Votos a favor: 9 (Grupo Municipal de Sanxenxo Agrupación Liberal, Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego e Grupo Municipal Mixto).**

**Votos en contra: 0.**

**Votos pola Abstención: 8 (Grupo Municipal do Partido Popular).**

En consecuencia, o **Pleno da Corporación Municipal, pola maioría absoluta dos seus membros de dereito, adoptou o seguinte acordo:**

**“PRIMEIRO:** aprobar unha modificación de créditos (suplemento de créditos nº 2/15), por importe de 2.297.693,00 euros, con cargo ao estado de gastos capítulo IX (aplicación orzamentaria 01101 91320) financiándose con cargo a unha operación de endebedamento no capítulo IX de ingresos (91300).

**SEGUNDO:** proceder á exposición pública da modificación orzamentaria aprobada polo prazo de quince días hábiles, mediante anuncio que se inserirá no boletín oficial da provincia e no taboleiro de anuncios do Concello, a efectos de reclamacións, entendéndose, definitivamente aprobado no caso de que estas non se presentaran.”-----

E non habendo mais asuntos dos que tratar, o **Sr. Presidente** dá por finalizada a sesión, sendo as catorce horas e cinco minutos, de todo o que eu, como **Secretario, DOU FE:**